



# Treides comigo!

XOÁN CURIEL

**NOVO DISCO  
E ESPECTÁCULO**



## **NOVO DISCO XIRA DE PRESENTACIÓN**

Treides Comigo! é un espectáculo de Pop Medieval, cunha moi boa acollida de prensa e público que non deixará indiferente a ninguén. Novo e vello ao mesmo tempo, unha fusión do antigo e do contemporáneo, unha visión orixinal, didáctica e diferente de presentar as cantigas da lírica medieval galego portuguesa neste século XXI.

Neste concerto o compositor e cantante Xoán Curiel achega a figura de trovadores dos diversos camiños de Santiago. Xoán pon música ás cantigas que deixaron escritas hai case un milenio co propósito de ofrecer unha actualización ou renovación das mesmas, aportando a súa propia visión contemporánea, persoal e creativa.

O disco ten un gran valor engadido polas aportacións das figuras musicais que aparecen no mesmo: Carlos Castro, Abraham Cupeiro, Rui David...

**ESCOITA O DISCO  
COMPLETO**



## ELENCO ARTÍSTICO DO ESPECTÁCULO

Xoán Curiel (guitarras e voz)  
Iris Gey (voz)  
Carlos Freire (percusión)  
Bleuenn Le Friec (arpa)  
Álex Salgueiro (frutas)

**5**  
**ARTISTAS**  
**NO ESCENARIO**  
+ TÉCNICOS

**EN GALEGO**  
**DA LÍRICA**  
**MEDIEVAL**  
(S. XII-XIV)

**DURACIÓN DO**  
**ESPECTÁCULO**  
**70'**  
REPERTORIO

Excepto poemas puntuais de  
Xoán Curiel, Gonzalo López Abente...

## CANTIGAS E AUTORES INCLUÍDOS NO DISCO

(Vinculación cos diferentes Camiños)

*Cantigas de Santa María* / Alfonso X o Sabio  
CAMIÑO FRANCÉS

*E por ela me matarám* / Fernão Padrom  
CAMIÑO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA

*O voss'amigo trist'e sem razom* / Fernando Esquio  
CAMIÑO INGLÉS

*Se vos em prazer for* / Bernal de Bonaval  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Mentir-lh'-ei* / Pero Meogo  
CAMIÑO PORTUGUÉS

*Mia irmana fremosa* / Martin Codax  
CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA

*Martim Moia* / Alfonso Gomes  
CAMIÑO FRANCÉS

*Amigas, sejo cuidando* / Martim de Padrozelos  
VÍA DA PRATA

*Dizer-vos quer'eu mia senhor* / Nuno Fernandes de Mirapeixe  
CAMIÑO DO NORTE

*Mia senhor fremosa por Deus* / Pero de Veer  
CAMIÑO DE INVERNO

*A furna da Buserana* / Gonzalo López Abente  
CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA E CAMIÑO DOS FAROS

*Elvira Perez, Elvira Padrõa* / João Romeu de Lugo  
CAMIÑO PRIMITIVO

*Quantas sabedes amar amigo* / Martin Codax  
CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA

*Ecuacións* / Xoán Curiel  
CAMIÑO PRIMITIVO

## VÍDEOS DESTE ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO

MENTIR-LH'-EI

Xoán Curiel / Iris Gey / Bleuenn Le Friec  
Illa de San Simón (Cesantes, Redondela)

SE VOS EM PRAZER FOR

Xoán Curiel / Iris Gey / Carlos Freire  
Salón Teatro (Santiago de Compostela)

AMIGAS SEJO CUIDANDO

Xoán Curiel / Iris Gey / Carlos Freire  
Salón Teatro (Santiago de Compostela)







Xoán Curiel é sen dúbida un artista que destaca pola súa creatividade e obra prolífica dentro do panorama musical galego. Como artista independente, ten por bandeira a liberdade creativa, camiñando de disco en disco mudando de pel sen saber que cor vai ter o seguinte traballo, mais sempre experimentando con novas sonoridades, cores e ritmos.

Ademais da súa labor como letrista, Xoán Curiel medra como músico e arranxista disco a disco, nunha evolución constante na artesanía do seu facer creativo.

Son case 20 anos de traxectoria e recoñecementos deste artista que ten viaxado sobre todo polo mundo lusófono e latino divulgando as súas músicas e metáforas en múltiples escenarios.

Agora presenta Treides Comigo!, un traballo de madurez no que conta coa voz de Iris Gey e outras colaboracións e luxo.

Realiza xiras por Italia, Brasil, Arxentina, Portugal, Francia, Bélxica, EEUU...

Crea e dirixe o primeiro e segundo Certame de Canción de Autor en Galego de Teo.

Crea a música para o documental de poetas e poesía en galego Vértice de versos.

Grava a súa voz na película galego-cubana Maimiño as cancións que Silvio Rodríguez crea para dito film. Asimesmo grava en múltiples discos de diversos artistas galegos, brasileiros, italianos, noretamericanos, etc...



7 álbums producidos ao fío dos seus espectáculos ao vivo.



Premiado co Martín Códax 2019 (Música Infantil) e candidato dúas veces na categoría de Canción de Autor.



Candidato aos Premios Opinión da Música de Raíz e aos Premios aRI(t)mar.



Premiado na categoría de Mejor Álbum nos V Premios de la Música Independiente (galardón a nivel estatal).



Producción avalada por editoriais como Galaxia.



Premiado no XVI Premio Frei Martín Sarmiento na categoría "Infantil"



UN PROXECTO DE  
**Xoán Curiel**

[xoancuriel.com](http://xoancuriel.com)  
658 263 199